



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2025-14

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

14 de Agosto de 2025

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:19

Hora de Finalización

10:29

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

CRISTINA GOMEZ DOBARRIO
LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 07.08.2025 (ACTA 13/2025)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. CONTA XUSTIFICATIVA DA ACTUACION "PAVIMENTACION E INFRAESTRUTURAS EN RÚA CANCELIÑA, EN NOCEDO DO VAL", EXECUTADA AO ABEIRO DA ORDE DA CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, DO 14 DE XANEIRO DE 2025 (DOG NÚM. 18 DO 28/01/2025) DE SUBVENCIONS PARA A CREACION E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS, DOTACIONS, INSTALACIONS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS A PRESTACION DE SERVIZOS MUNICIPAIS.

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Dirección Xeral de Administración Local**, de data **30 de maio de 2025**, das de subvencións para mellora de infraestruturas, dotacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais (PR486A), para a execución da actuación chamada "**Pavimentación e infraestruturas en Rúa Canceliña, en Nocedo do Val**"

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación 1ª e única** da obra (cofinanciada pola **Dirección Xeral de Administración Local**) denominada "**Pavimentación e infraestruturas en Rúa Canceliña, en Nocedo do Val**", de data 24/07/2025, por un importe total de **47.119,07 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **María Cristina Sabariz Rúa**.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Examinada e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación 1ª e única** da obra (cofinanciada pola **Dirección Xeral de Administración Local**) denominada **Pavimentación e infraestruturas en Rúa Canceliña, en Nocedo do Val**", de data 24/07/2025, por un importe total de **47.119,07 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **María Cristina Sabariz Rúa**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar as seguintes facturas:**

- **Núm. 035/25, de Dinor, S.L.** de data **24/07/2025** correspondente a certificación Núm. 1 - única da devandita obra, por importe de **47.119,07 euros**.

- **Núm. 11/2025, de María Cristina Sabariz Rúa** de data **30/07/2025** correspondente aos honorarios técnicos da certificación 1 - única da devandita obra, por importe de **2.880,93 euros**.

TERCEIRO. Declarar que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de pago material, dos gastos derivados das contratacións da obra e da subministración; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e contratación da obra **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

CUARTO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos apartados anteriores deste acordo.

3º. CONVENIO COA C.M.V.M.C. DE NOCEDO DO VAL PARA A EXECUCION DA OBRA DE PAVIMENTACION E INFRAESTRUTRAS EN RUA CANCELIÑA, EN NOCEDO DO VAL. EXECUCION DO OBXECTO DO CONVENIO E REQUERIMENTO DE APORTACION DE 15.000,00 EUROS A COMUNIDADE PARA PAGAMENTO DOS INVESTIMENTOS.

O Sr. Alcalde lembra aos presentes que o pasado 18 de xuño de 2025 o Pleno do Concello acordou a suinatura dun Convenio de Colaboración coa C.M.V.M.C. de Nocedo do Val para a realización da obra de pavimentación e infraestruturas en Rúa Canceliña, no núcleo de Nocedo do Val.

En execución do devandito acordo, con esa mesma data a Alcaldía, xunto có presidente da C.M.V.M.C. encuestión, asinaron o documento do Convenio.

Adxudicada, executada e recibida a obra do licitador que resultou adxudicatario da mesma; e en execución do clausulado do Convenio que se asinou, procede liquidar á C.M.V.M.C. a achega que se comprometeu a facer a favor do Concello para o pagamento das obrigas derivadas da execución da obra; de acordo có seguinte:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

- **Factura Núm. 035/25, de Dinor, S.L.** de data **24/07/2025** correspondente a certificación Núm. 1 - única da devandita obra, por importe de **47.119,07 euros**.

- **Factura Núm. 11/2025, de María Cristina Sabariz Rúa** de data **30/07/2025** correspondente aos honorarios técnicos da certificación 1 - única da devandita obra, por importe de **2.880,93 euros**.

De tal xeito, que o **custo total da obra** incluíndo os honorarios técnicos para a súa execución, ascendeu a **cantidade de 50.000,00 euros, IVE incluído**.

O Concello asume o pagamento de 35.000,00 deste total; e a C.M.V.M.C. de Nocedo do Val, asume os restanets 15.000,00 euros, que se comprometera a achegar, como máximo, ao Concello para o financiamento do investimento.

Polo que a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO: Requerir á C.M.V.M.C. de Nocedo do Val, para que ingrese a favor do Concello, a cantidade de 15.000,00 euros ao s que mediante Convenio comprometeuse a achegar.

SEGUNDO: Expedir a oportuna **carta de pago** polo importe de 15.000,00 euros, a favor C.M.V.M.C. de Nocedo do Val, para acreditación e constancia do investimento da devandita cantidade en infraestuturas públicas para o disfrute dos seus comuneiros.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

